

PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP "LABARTA POSE"

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.....	3
2. FINALIDADE DO PLAN.....	4
3. QUE ENTENDEMOS POR CONVIVENCIA E CONFLICTO?.....	5
4. CONTEXTO ESCOLAR E DIAGNÓSTICO DO CEIP LABARTA POSE.....	7
4.1. Composición do centro.....	8
4.2. Situación da convivencia no centro.....	9
4.3. Relación coas familias e servizos externos.....	10
4.4. Experiencias e traballo desenvolvidos.....	10
5. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	11
6. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	12
7. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.....	13
7.1. Prevención.....	14
• O profesorado.....	14
• O alumnado.....	18
• O equipo directivo.....	21
• As familias.....	21
• Departamento de Orientación.....	22
• Persoal de administración e servizos.....	23
7.2. Intervención en casos xa producidos.....	23
7.3. Establecemento de condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan.....	26

7.3.1. Condutas leves contrarias á convivencia.....	26
7.3.2. Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia.....	29
7.4. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.....	32
7.5. Incumprimento das normas de convivencia.....	33
7.6. Rexistro de condutas contrarias á convivencia escolar.....	34
8. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN.....	34
9. MECANISMOS PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	35
10. LEXISLACIÓN.....	36
11. RECURSOS NA REDE.....	36
12. ANEXOS: PROCEDIMENTO ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA PREVENIR CASOS DE ACOSO E INTIMIDACIÓN ENTRE ALUMNOS/AS..	38
13. CERTIFICADO DE APROBACIÓN DESTE PLAN.....	43

1. XUSTIFICACIÓN

A **convivencia** no ámbito escolar significa aprender a respectar aos demais e aprender a vivir xuntos. Isto é un fundamento que a ensinanza debe garantir e que na actualidade parece necesario afondar debido aos recentes cambios sociais e ás problemáticas que se veñen dando en todos os ámbitos cotiás.

Si facemos unha revisión á lexislación educativa observamos que tanto na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE), como na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade do ensino (LOMCE), existen apartados e parágrafos adicados á convivencia.

A LOE recolle: *“A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos”*.

Segundo a LOMCE, “ todos os centros deben incluír no seu proxecto educativo un Plan de Convivencia, así como establecer as normas que garanten o seu cumprimento”.

O plan de Convivencia do noso centro enténdese como a ferramenta no que se establecen as medidas axeitadas para promover procesos que permitan a mellora da convivencia no mesmo, de tal xeito que o centro educativo non sexa unha simple suma de aulas nas que se estableza unha relación especial e diferente.

O centro debe ter unha entidade como tal e nel é imprescindible concretar os principios teóricos que servirán para guiar e concretar a nosa actuación nel.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa solución pacífica.

2. FINALIDADE DO PLAN

A finalidade esencial coa que nace o Plan é para favorecer propostas educativas innovadoras que axuden ao centro educativo a conseguir a *garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado; a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación; a prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces; o recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros do equipo directivo, das facultades precisas para previr e corrir as condutas contrarias á convivencia; a corresponsabilidade das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes; promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas; avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar; e a promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.*

O plan de convivencia será elaborado pola *Comisión de Convivencia*, e será aprobado polo consello escolar do centro.

A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro, estes son : o proxecto educativo do centro, a concreción curricular (respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada), o plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, as normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, e a programación xeral anual.

Por tal motivo consideramos esencial que todos os membros da comunidade educativa se responsabilicen da importancia de fomentar un clima de cordialidade e respecto nas aulas e demais espazos educativos.

As familias conxuntamente cos centros educativos deben ser conscientes de que aprender a convivir é asunto de todos e todas e que non se pode abordar este tema de forma unilateral, ao contrario, debe ser toda a Comunidade Educativa e a sociedade en xeral, os que traballen na mesma dirección, para conseguir unha sociedade pacífica no futuro máis inmediato

A meta que pretendemos co noso plan é conseguir fomentar o pensamento crítico e a resolución dos problemas de xeito democrático. Traballar habilidades sociais relacionadas coa mesma nas que se impliquen todos os axentes educativos para que a iniciativa teña resultados positivos.

3. QUE ENTENDEMOS POR CONVIVENCIA E CONFLITO?

Adela Cortina (1997) define o **conflicto** como unha situación na que existe un enfrontamento debido a un desacordo de intereses. Esta situación agudízase cando non se observa unha resolución que satisfaga a todos os suxeitos inmersos nela. No ámbito educativo o conflito pode adoptar diferentes formas: disrupción, bullying, violencia, intimidación, vandalismo, etc. Porén, a visión positiva considera que os conflitos existiron, existen e seguirán a existir no futuro, porque son o resultado da propia liberdade, das diferenzas de criterios, de aspiracións, desexos e intereses contrapostos das persoas, grupos ou nacións. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, a comunicación, o acordo, a negociación, o entendemento e a concordia.

A **convivir**, a compartir vivencias xuntos, apréndese interactuando, fomentando as boas relacións interpersoais, o descoñecemento, a autoestima, desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades. Ademais, require dun traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.

A *violencia* apréndese; é o resultado dunha longa e continua aprendizaxe con actores tan diversos como a familia, os medios de comunicación, os iguais e a sociedade en xeral. Polo mesmo, a violencia tamén podemos desaprendela.

No caso do *acoso entre iguais* ou o chamado *bullying*, estamos a referirnos a situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo.

Falamos de *vandalismo* cando observamos comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro ou das persoas, sen consideración nin respecto algún. Estes comportamentos provocan unha grande alarma e non poden deixarse de lado, polo que cómpre intervir rapidamente con medidas disciplinarias, compensadoras e educativas.

A *disciplina* é un concepto que ten na actualidade connotacións distintas , pois cando insistimos na disciplina estamos a referirnos ao respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, na aula, no centro, en calquera organización social ou actividade.

Cando falamos de *comportamentos disruptivos*, os maioritarios nos centros educativos, estámonos a referir a moi distintos fenómenos que acontecen a diario e que poden estar relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realizar as actividades escolares, despreocupación, etc.), cos compañeiros (mentir ou falsear a realidade, incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo ós demais, etc.), co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper, etc) ou en relación co centro (non aceptar as normas, ...). Moitas veces a raíz destes comportamentos é debido a problemáticas na relación socio-familiar: problemas familiares graves, proximidade ao mundo das drogodependencias, carencias afectivas, culturais e sociais.

O *absentismo escolar*, a falla de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é precisa a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal .

Sobre estas e outras manifestacións das condutas contrarias á convivencia pacífica nos centros educativos trata de actuar o presente Plan.

4. CONTEXTO ESCOLAR E DIAGNÓSTICO DO CEIP “ LABARTA POSE”

O CEIP “**Labarta Pose**” atópase situado na localidade de Baio, pertencente ao concello de Zas, na comarca de Soneira. Esta localidade ten a particularidade de atoparse dividida polo Río Grande en dúas partes, unha pertencente a Zas e outra a Vimianzo.

O concello de Zas ten unha superficie de 132 Km cadrados, e linda con seis concellos: Mazaricos, Vimianzo, Laxe, Cabana, Coristanco e Santa Comba. A capital municipal é a localidade de Zas, situada a 9 Km de Baio.

Baio, cunha poboación aproximada de 1100 habitantes, é o principal núcleo urbano, e nas últimas décadas converteuse na localidade con maior desenvolvemento socioeconómico do concello.

A este colexio acoden alumnos e alumnas das parroquias de Baio, S. Cremento de Pazos e O Allo (Zas), de Tines e Bamiro (Vimianzo) e de Anos (Cabana).

Agás no núcleo urbano de Baio, na zona de influencia do colexio a poboación distribúese proporcionalmente por todo o territorio, presentando un tipo de poboamento espallado e polinuclear agrupado en núcleos menores de 100 habitantes na meirande parte. En consecuencia, son as parroquias e as aldeas os referentes territoriais nos que se expresa o sentimento de pertenza dos veciños e veciñas, xa que os concellos constitúen realidades excesivamente amplas para vertebrar as relacións sociais e económicas.

Máis da metade do total de alumnos e alumnas do colexio proceden de núcleos de poboación de carácter rural, onde predominan as vivendas unifamiliares e as actividades do sector primario, mentres que os restantes viven no centro de Baio,

en vivendas con marcado carácter urbano, e con ocupacións relacionadas co sector servizos.

As actividades económicas principais da comarca son a agricultura e a gandería, sendo nos núcleos rurais onde teñen máis incidencia. Nos últimos anos abandonouse paulatinamente o policultivo tradicional, e asistimos a unha profunda transformación nos usos do chan, dedicando máis espazos a prados para a alimentación do gando vacún, que é predominante.

Por contraste, na vila de Baio o sector de actividade máis importante é o terciario ou de servizos. As actividades fundamentais son a hostalería, os concesionarios de automóviles e o pequeno comercio. Así mesmo, Baio conta cunha feira que se celebra dúas veces ao mes, que tivo unha enorme importancia como centro das transaccións comerciais das parroquias dos arredores, e mesmo se considera a orixe do desenvolvemento urbano e comercial da vila. Actualmente esta feira mantén a súa importancia nalgúns aspectos como son a comercialización de certos produtos agrícolas e de maquinaria agrícola.

A industrialización é practicamente nula. Destacan os talleres téxtiles, uns cantos serradoiros de madeira, algunha piscifactoría e industrias relacionadas coa construción.

Como consecuencia desta falta de industrialización e da crise do sector primario, e polo tanto, a falta de postos de traballo, na zona de influencia do colexio a emigración continúa a ser moi importante. O país que recibe máis emigrantes é Suíza, tanto nos cantóns de fala francesa como alemana.

A lingua predominante nos núcleos rurais é o galego, mentres que na vila de Baio conviven o galego e o castelán. En calquera caso, apréciase en toda a zona algunhas carencias lingüísticas e culturais.

Composición do Centro

O centro está composto por 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria, quedando o número de postos docentes e as especialidades

correspondentes do seguinte xeito:

- 6 mestres de Educación Primaria.
- 4 mestres de Educación Infantil.
- 1 especialista de Filoloxía Inglesa.
- 1 mestre de relixión .
- 1 especialista de Educación Musical.
- 1 especialista de Educación Física.
- 1 especialista de Pedagogía Terapéutica.
- 1 orientadora (compartida con outro centro)
- 1 especialista de Audición e linguaxe (compartida con outro centro)

Situación da convivencia no centro

O enfoque da convivencia no centro vai encamiñado ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, boas canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo algúns conflitos esporádicos, que se resolven fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

Segundo a enquisa realizada ao claustro de profesores, a valoración dos aspectos de convivencia é boa, quedando un pouco por debaixo da media as relacións das familias co profesorado, e as relacións do profesorado coas familias.

Entre o tipo de conflitos que podería aparecer dentro desta comunidade educativa, só teñen unha pequena mención aqueles que derivan da relación co persoal non docente.

As relacións entre o profesorado e este co equipo directivo son consideradas boas e os conflitos que poden haber entre eles son considerados como moi pouco frecuentes.

Tamén apuntar como conclusión ao análise desta enquisa que a participación do profesorado foi moi boa, chegando ao 100 por cento de enquisas recollidas.

Relacións coas familias e servizos externos

A relación coas familias é boa. Con elas mantéñense reunións informativas e de coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na programación. É relevante a actuación dos titores e das titoras na coordinación coas mesmas. Como se recolleu no punto anterior, as situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro é comentada coa familia se procede información ou intervención na conduta.

Experiencias e traballos previos desenvolvidos

As experiencias que se levan a cabo cada curso no centro para favorecer a convivencia, foron as seguintes:

- Debate e discusión sobre convivencia no centro. Realízase na Comisión de Convivencia nas correspondentes reunións trimestrais.
- Elaboración de normas de conduta para a aula. Realizada polos titores ao comezo de curso.
- Elaboración dun calendario para atención titorial a pais/nais ao longo do curso.
- Elaboración de un plan para o período de acollida do alumnado.
- Fomentar a tolerancia, o respecto e a resolución de conflitos a través do diálogo.
- Participación do centro en actividades e programas que contribúan a mellorar a convivencia no mesmo (Día da Paz, Magosto, festivais, etc.).
- Estreita relación cos servizos sociais do Concello, para dar a coñecer situacións desfavorecidas das familias.

- Fomento de valores a través da lectura (actividades de coeducación).

5. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O obxectivo global é mellorar a convivencia no centro, para iso propóñense os seguintes obxectivos:

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, idade, crenza ou relixión.
- Fomentar a implicación das familias, tanto na transmisión de valores aos seus fillos que favorezan a convivencia na familia, no centro e na sociedade, como na súa participación nas actividades do centro e na colaboración cos profesores na tarefa educativa.
- Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.
- Priorizar a educación en valores de entre os demais contidos do currículo, asignándolles espazos e tempos específicos.
- Prever unha atención específica ao alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no centro e a daqueloutro alumnado que padece as súas consecuencias.
- Colaborar coa ANPA do centro, para que poida organizar actividades dirixidas á formación das familias, mostrándolles as ferramentas necesarias que contribúan á educación dos seus fillos e fillas.
- Desenvolver unha coordinación adecuada entre o equipo docente para que se poida dar unha boa convivencia no aula. Esta deberá establecerse sobre o esencial, marcando unha actuación coherente nos temas que ateen a normas básicas da clase.

Ademais destes obxectivos xerais na enquisa sobre convivencia escolar cumprimentada polos profesores/as, destácanse unha serie de iniciativas sinaladas por unha parte deles:

- Reforzar a disciplina no centro.
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado.

- Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións.
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias.
- Mellorar os recursos do centro educativo.
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos.
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado.
- Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo.

6. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A Comisión de Convivencia constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación no plan de convivencia e nas normas de convivencia.

Composición: estará formada por o Director/a, o Xefe/a de Estudos, o Xefe/a do Departamento de Orientación, dous mestres/as, e un pai/nai dun alumno/a. Será presidida polo Director/a e unha das persoas integrantes actuará como secretaria/o, quen levantará acta das reunións que se leven a cabo. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director/a por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar ou non.

Periodicidade das reunións: manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A súa principal función será a de canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade para mellorar a convivencia. Ademais de esta terá as seguintes **funcións:**

- Elaborar o Plan de Convivencia do Centro incorporando as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa.

- Adoptar as medidas preventivas para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

7. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

Dentro das accións previstas, imos ter en conta tres aspectos importantes: a prevención de condutas ou actuacións fora dos límites marcados, a intervención en casos xa producidos e por último as posibles medidas sancionadoras a estas condutas. En cada un deles faise referencia ás medidas e actuacións que se levarán a cabo, concretando os órganos responsables, as persoas destinatarias e procedementos.

7.1 PREVENCIÓN

No primeiro lugar trataremos a prevención , xa que é a principal recomendación para a mellora da convivencia.

Unhas medidas preventivas de carácter xeral para todo o centro, poden ser:

- Dar a coñecer o Plan de convivencia a toda a comunidade escolar.
- Exercer ben as gardas de recreo e substitucións.
- Introducir no sobre da matrícula as normas de convivencia.

- Establecer normas de clase.
- Traballar con metodoloxía activa para motivar aos alumnos.
- Fomentar a participación en actividades deportivas ou talleres que poden ser uns bos antídotos contra a violencia.
- Empregar conflitos como recurso didáctico, converténdoo en momentos para aprender a convivir.
- Adaptación do currículo.
- Relacións e comunicacións coas familias.
- Coordinación con servizos externos.

O Profesorado

No exercicio das funcións directivas e organizativas docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

Está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O profesorado dedicará as primeiras clases a explicar a todo o alumnado cales son as normas de comportamento axeitado na aula non permitindo actitudes como falar na clase, acudir sen material, levantarse sen permiso, comer lambetadas, agredir ou marxinar aos compañeiros/as verbal ou fisicamente (aínda que sexa xogando), etc. Ao mesmo tempo fomentaranse hábitos e valores positivos: saber escoitar e respectar aos demais, respectar as instalacións,

aprendizaxe colaborativo, axudar aos que sofren agresións etc. (Nestes primeiros días é fundamental sentar as bases da convivencia e o reforzamento da autoridade do profesorado, sendo o currículo un elemento secundario.)

As normas que deben aparecer nos paneis das clases deben ser referidas a estes temas:

- É obrigatoria a asistencia as actividades docentes.
- Debemos ser puntuais na chegada ao centro.
- Na clase non debemos comer nin beber.
- Limpeza do aula en xeral e do noso lugar de traballo en particular.
- Respecto aos materiais persoais e comúns.
- Permaneceremos, salvo indicacións específicas do profesorado especialista, no lugar indicado polo titor/a.
- Nas clases debemos estar ben sentados e non levantarnos.
- Nos cambios de clase podemos falar cos compañeiros sen facer ruído e sen levantarnos.
- Coidaremos a hixiene persoal.
- Evitaremos o uso de palabras groseiras ou malsoantes.
- Dirixirémonos aos nosos compañeiros/as polo nome e non polo alcume.
- Subiremos do recreo con orde e sen ir berrando polos corredores nin correndo.

Ante unha situación de conflito, cando o diálogo non sexa suficiente para solucionar o problema, o profesorado poderá usar os seguintes recursos:

- Cambiar a distribución do alumnado na aula.
- Anotación na **axenda escolar** do/a alumno/a as tarefas que debe realizar e as posibles incidencias. Hai que comprobar que seus pais/nais a firman todos os días.
- Entrevistas cos pais/nais (persoal, telefonicamente ou a través do titor/a) quedando constancia da mesma.

Os mestres/as de garda irán á dirección para comprobar si hai profesores ausentes, e no caso necesario acudirán axiña á aula do grupo que está sen profesor/a. Para o **bo funcionamento das gardas** terase en conta o seguinte:

- O profesorado que prevexa que vai faltar (visita médica, curso,..) comunicarao á Xefa de Estudos e contactará co profesor/a de garda indicándolle as tarefas que deberá realizar o seu alumnado durante a súa ausencia.
- As ausencias por enfermidade deberán comunicarse telefonicamente á primeira hora da mañá.

No referente ás gardas de recreo *repartiranse polas distintas zonas do patio* atendendo ás quendas establecidas no seu horario. As NOF inclúen a este respecto: haberá un mestre de garda de EI por cada 25 alumnos/as e outro de EP por cada 50 alumnos/as. Deste xeito, para calquera necesidade, queixa ou dúbida que teñan os rapaces deberán dirixirse a algún deses mestres. *No caso de accidente grave* estes poñerano en coñecemento do director e/ou o xefe de estudos. Durante este tempo de lecer *non poderá quedar ningún neno nas aulas*, agás baixo a supervisión dun profesor. Así mesmo, se precisan utilizar os *baños* teñen os do propio patio. Os nenos poderán utilizar a *pista verde* para xogar ao fútbol e a pista de tenis respectando as quendas establecidas ao comezo do curso, polas que se asigna un día a cada curso. No caso de que outro grupo queira empregar a pista un día que non lle corresponde poderá facelo unicamente chegando a un acordo co curso ao que lle toca. De non chegar a acordo primarán as quendas establecidas. Se un *balón sae fóra* os rapaces deberán acudir ao mestre de garda e será este quen se encargue de adoptar as medidas necesarias para recollelo. Os días de *chuvia* os nenos e nenas de EI permanecerán na aula de psicomotricidade, mentres que os de EP sairán ao patio cuberto e ao porche do edificio principal. Se algún profesor decidise *saír ao patio fóra do horario de recreo* cos seus alumnos, será responsabilidade súa a vixilancia dos mesmos. Os mestres de garda controlarán que *ningún neno saia do recinto escolar* sen permiso.

Os titores/as

Exporán actividades encamiñadas a fomentar a convivencia en xeral, dedicarán as primeiras sesións de titoría a explicar as normas de convivencia do centro, a elección do delegado/a, etc. Impulsarán unha dinámica de grupo na que se potencie o traballo cooperativo, a cohesión do grupo, a tolerancia e o respecto recíproco, a formación en valores persoais e sociais que favorezan a adquisición de hábitos de traballo, relación social e comunicación equilibrados. Os/as titores/as son unha peza crave na convivencia e deberán:

- **Canalizar as iniciativas dos pais/nais e dos alumnos/as** e coordinar as actividades do seu grupo.
- **Ser informados das amoestacións e sancións impostas aos seus tutelados/as.**
- **Levar conta das faltas de asistencia do alumnado.** As **NOF** poñen a este respecto: As faltas de asistencia a clase do alumnado deberán ser *xustificadas* polos seus pais, nais ou titores legais, ante os titores correspondentes de forma oral ou escrita, na menor brevidade posible. Se o número máximo de faltas de asistencia inxustificadas *supera o 15%* do total de horas lectivas, poderanse aplicar sistemas extraordinarios de avaliación. Correspóndelle ao Claustro, oídos os equipos de ciclo, establecer os sistemas extraordinarios de apoio para aqueles alumnos/as cun índice de abstención inxustificada superior ao establecido polo Consello Escolar. O titor/a, a principios de curso, *informará as familias* dos aspectos relacionados coas faltas así como do procedemento de xustificación das mesmas, e levará un *registro diario* de faltas de asistencia esixindo a xustificación das mesmas segundo o procedemento establecido nas NOFI. Na información das cualificacións ás familias farase constar o número de *faltas xustificadas e inxustificadas*, por sesións. Así mesmo, nas actas de sesións de avaliación quedará constancia das faltas inxustificadas de asistencia que supere o límite establecido. No caso de faltas inxustificadas reiteradas, a comunicación ás familias farase a través da secretaría do centro, deixando constancia no rexistro de saída, sen prexuízo de que nos demais casos se utilicen outros medios máis rápidos

e efectivos de comunicación aos pais/nais por parte do titor. Nos casos reiterados de faltas de asistencia sen xustificar, a dirección do centro poñerá en coñecemento do Concello e da Inspección Educativa.

O alumnado

O alumnado ten os seguintes dereitos:

- Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- Que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoal.
- Protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos que contempla a Lei de Convivencia e Participación.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

E os seguintes deberes:

- **Respecto aos estudos:** Asistir a clase con *puntualidade*. Asistir ao centro co *material* e equipamento necesario para poder participar no desenvolvemento das clases e facer o esforzo necesario, en función da súa capacidade para comprender e asimilar os contidos.
- **Respecto ao profesor/a:** Mostrarlle *respecto* e cumprir as normas. Recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- **Respecto aos seus compañeiros/as:** *Rexeitar calquera tipo de discriminación*. Exercer a solidariedade e practicar o compañeirismo.
- **Respecto ao centro:** atender ás *normas de organización, convivencia e disciplina* do centro. *Coidar e usar axeitadamente os mobles, o material*

didáctico e as instalacións. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do seu centro.

- **Respecto aos restantes membros da comunidade educativa:** respectando a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes; e a dignidade, integridade e intimidade.

As normas de organización e funcionamento do centro (NOF) recollen a este respecto:

- Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
- Seguir as directrices do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- Deben respectar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así coma a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Constitúe un deber dos alumnos a non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Deben respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro, conforme á lexislación vixente.
- Deben coidar e utilizar correctamente os bens inmoables e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- O alumnado que faga uso do transporte escolar, ao remate da xornada, debe dirixirse ao autobús correspondente. O resto do alumnado será recollido por algún adulto. No caso de ausencia, tanto do autobús que corresponda como do adulto acompañante, o alumno non abandonará o recinto escolar e comunicará a situación ao profesorado presente.

- Os alumnos teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro.

A LCPC, ademais, fala de responsabilidade do alumno e reparación dos danos causados.

- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
- O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

O equipo directivo

Estará permanentemente aberto ás suxestións que expoñan ás familias e o alumnado e calquera membro da comunidade educativa e, ante problemas de convivencia, dialogará cos alumnos/as e os seus pais/nais/titores a fin de reconducir a situación:

- Apoiará diariamente o labor do profesor/a no aula.

- Estará permanentemente aberto ás suxestións que expoñan os/as alumnos/as. e mediará na solución dos conflitos xunto co seu titor.
- Fomentará o diálogo cos pais/nais para que interveñan na coeducación dos seus fillos/as.

As familias

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

O Departamento de Orientación

É o encargado/a de dar a información aos alumnos/as respecto da súa futura actividade laboral e de que estes teñan a mellor actitude para o estudo. Entrevistará e estudará aos alumnos/as, aos que se lles observe algún problema que leve un mal comportamento en clase (falta de atención, actitude pasiva, falta de atención por parte dos pais/nais, etc.). En colaboración con Xefatura de Estudos intentará que estes alumnos reciban un apoio educativo, cando sexa necesario, co fin de que non abandonen os estudos como consecuencia dos seus diferentes problemas. Unha vez solucionado o problema, o alumnado poderá volver ás súas actividades en todas as clases xunto cos seus compañeiros/as.

Persoal de administración e de servizos.

Como parte da comunidade educativa activa, o PAS ten os seguintes dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección **xurídica adecuada ás súas funcións**.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración correspondente.

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Gardar sigilo e reserva e canto a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito **educativo das que teña coñecemento**.

7.2 INTERVENCION EN CASOS XA PRODUCIDOS

As fases do conflito.

Toda situación conflictiva segue varias fases:

Fase inicial	
Fase maligna	O conflito está no seu momento máis agresivo. As estratexias de intervención deben estar orientadas a parar o conflito, á separación dos elementos que interveñen, a evitar que medre.
Fase latente	É o momento de actuar, de analizar a situación conflictiva e de propor medidas de cambio.

Fase final	As medidas aplicadas deben ser avaliadas. Se o conflito entra en vías de solución, as medidas son correctas. Se o conflito se repite, imponse a análise desas medidas.
-------------------	--

A resolución dun conflito é un proceso que inclúe accións como o diagnóstico, pero tamén a avaliación das medidas adoptadas para superar devandito conflito. Dúas ferramentas para abordar a resolución dos conflitos son as seguintes fichas de recollida de información.

a) O diagnóstico do conflito

Descrición do conflito	
Quen ou quen interveñen e como o fan?	
A quen afecta? Que consecuencias ten?	
Cando adoita ocorrer?	
Canto tempo dura?	
A que cres que se debe este conflito? Por que se produce?	

b) A avaliación das medidas

Medidas	Ámbito de aplicación	Quen as aplica	Que ocorre despois?

--	--	--	--

Unha vez producida a transgresión da norma é importante seguir os seguintes pasos:

1. Identificación da conduta producida.
2. Identificación dos alumnos participantes.
3. Utilizar a negociación e a mediación si fora posible. A mediación consiste en que ante un conflito entre dous compañeiros/as, un terceiro/a lle axude a dialogar para achegar as súas posturas e solucionar a disputa por eles/as mesmos/as.
4. Esta técnica só é posible aplicala en alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
5. Actuar inmediatamente.
6. Se fora necesario, citar aos pais/nais para solucionar o problema.

Ningún alumno/a poderá ser botado da clase. Se o conflito xurdido o requirira poderá sacarse o alumno/a da clase para que sexa atendido por outro profesor/a. Posteriormente, analizarase o caso co profesor/a titor/a e coa xefe/a de estudos. E finalmente, poñeranse en contacto coa familia para trata-lo asunto motivo do conflito. Se este persistise, requirirase a intervención do departamento de orientación. É desexable que en cada clase funcionara unha **assemblea de clase** que ten por finalidade analiza-los problemas que xurdan no seu seo e impoñe-las sancións que se acorden conxuntamente, sempre baixo a tutela do profesorado.

7.3 ESTABLECEMENTO DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECIÓNS QUE CORRESPONDAN

7.3.1 Condutas leves contrarias á convivencia.

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria, ou ofensa; os actos de discriminación; os actos de indisciplina; os danos; os actos inxustificados; e as actuacións prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida nas condutas gravemente prexudiciais presentadas a continuación.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro ou perigoso, sen acadar a gravidade requirida nas condutas gravemente prexudiciais presentadas a continuación.
- Falta de asistencia á clase sen xustificación.
- Faltas de puntualidade ata un número de tres.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento necesario e sen causa xustificada.
- Retraso na incorporación ás filas.
- Comportamento inadecuado en entradas, saídas e durante cambios de clase.
- Insultos, pelexas entre compañeiros sen lesións.
- Falta de atención ás explicacións dos profesores.
- Neglixencia no uso do material e das instalacións.
- Atentar contra a limpeza do centro por uso inadecuado dos servizos, papeleiras, etc

Correccións para as condutas leves contrarias á convivencia

POSIBLES CORRECCIÓNS	ÓRGANO COMPETENTE	CONDICIÓNS OU REQUIRIMENTOS
a) Amoestación privada ou por escrito.	-Os profesores/as do alumno/a, o titor/a, o Xefe/a de estudos ou o Director/a.	-Escoitar o alumno -Escoitar o titor ou profesor -Dar conta ao Xefe de estudos
b) Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos .	-Os profesores/as do alumno/a ou o titor/a.	-Escoitar o alumno. -Dar conta ao Xefe de estudos.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.	-Os profesores/as do alumno/a, o titor/a, o Xefe/a de estudos ou o Director/a.	-Escoitar o alumno. -Escoitar o titor ou profesor -Dar conta ao Xefe de estudos.
d) Realizar tarefas en horario non lectivo dirixidas á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.	-O titor/a, o Xefe/a de estudos ou Director/a.	-Escoitar o alumno. -Escoitar o titor ou profesor -Dar conta ao Xefe de estudos.
e) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias por un periodo de ata 2 semanas.	-O Xefe/a de estudos ou Director/a.	-Escoitar o alumno. -Escoitar o titor ou profesor
f) Cambio de grupo do alumno por un prazo máximo dunha semana.	-O Xefe/a de estudos ou Director/a.	-Escoitar o alumno. -Escoitar o titor ou profesor.
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres	-O Director/a	-Escoitar o alumno. -Escoitar o titor ou profesor. -Avisar aos pais antes de

días lectivos. Isto non exime da realización dos traballos de aula que se determinen.		facerse efectiva a medida, así como ao Observatorio de Convivencia Escolar.
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante este tempo deberá realizar os deberes ou traballos que se lle determinen.	-O Director/a	-Escoitar o alumno. -Escoitar o titor ou profesor. -Avisar aos pais antes de facerse efectiva a medida, así como ao Observatorio de Convivencia Escolar.

No artigo 23 da LCP fálase da posible graduación das medidas correctoras. Di o seguinte:

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

As condutas contrarias ás normas de convivencia prescribirán no prazo dun mes. E as medidas correctoras correspondentes das condutas leves prescribirán aos 4 meses da súa imposición.

Os alumnos ou os pais/nais/representantes legais poderán presentar unha reclamación no prazo de 48 horas contra as correccións impostas correspondentes aos apartados g) e h) perante o director provincial.

7.3.2 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- Agresión grave física, moral ou discriminatoria.
- Discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos.
- A gravación, manipulación ou difusión pública de imaxes ou información, a través de calquera medio ou soporte sen a correspondente autorización.(isto non o recolle a lei)
- Actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da LCP.

- Suplantación da personalidade, falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros, incluída a súa subtracción.
- Actos inxustificadas que perturben a normalidade do centro.
- Actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade das persoas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso ou negarse a facer entrega dos mesmos ao profesor ante a petición deste.
- Reiteración de condutas contrarias ás normas da convivencia leves nun mesmo curso escolar.
- *Incumprimento das sancións impostas.*

Correccións para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

CORRECCIÓNS	ÓRGANO COMPETENTE E CONDICIÓN
a) Realización de tarefas, en horario lectivo ou non lectivo, que contribúan á mellora e ao desenvolvemento do centro.	As medidas correctoras para estas condutas só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario: (Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa; Artigo 25). -Corresponde acordar a incoación do procedemento ao Director/a.
b) Suspensión do dereito de participar en actividades extraescolares ou	-A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou

<p>complementarias por un período de 2 semanas a un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre 4 días e dúas semanas. Neste período o alumno deberá realizar os deberes e traballos que se lle marquen.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre 4 días e un mes, con deberes e traballos específicos.</p> <p>f) Cambio de Centro.</p>	<p>alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Director/a pode adoptar como medidas provisionais o cambio temporal de grupo do alumno/a ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades por un periodo non superior a 5 días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno. -Finalizada a instrución de procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia aos pais convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo, estendendo acta. No caso de ausencia inxustificada, o trámite terase por realizado. -Realizado o trámite de audiencia, o Director/a ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumno/a e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección. -A resolución notificarase aos pais/nais/titores legais nun prazo máximo de 12 días lectivos, e comunicarse á inspección educativa. -A resolución do Director pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución do Director/a
---	--

	cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de 10 días lectivos.
--	--

No artigo 27 da citada lei de convivencia e participación faise mención específica á Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores, coa seguinte aclaración: As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

No caso do apartado referente á suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, o Consello Escolar poderá levantar dita suspensión ou readmitir o alumno no centro antes do esgotamento do prazo previsto para a corrección, previa constatación do cambio positivo da actitude do alumno.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, e as medidas correctivas prescribirán ao ano.

7.4 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. O Departamento de Orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un **programa de habilidades sociais** dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para o alumnado que se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Ambos programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor ou servizos sociais (se é o caso), procurando implicar o resto do profesorado e familias.
3. Crearanse **aulas de convivencia inclusiva**, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica.

Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

1. A participación do alumnado ou representantes legais terá carácter **voluntario**, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
2. A opción pola conciliación **suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta**, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
3. No procedemento, **formalizado por escrito**, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha mediadora.
4. O procedemento será **o que determine o centro**, coa aprobación do **consello escolar**, e que figurará no **RRI**.

7.5 INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado **dentro do recinto escolar** ou durante o desenvolvemento de **actividades complementarias e extraescolares**, así como durante a prestación dos servizos de **comedor e transporte escolar**.

2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas realizadas **fora do recinto escolar** que estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar.
3. Tamén quedan incluídas as posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de **medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos** que teñan conexión coa actividade escolar.

7.6 REXISTRO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR.

Para rexistrar as condutas negativas empregaranse dous sistemas:

1. **Rexistro de condutas:** neste rexistraranse todas aquelas condutas contrarias ás normas de convivencia que mostren os alumnos tanto na aula como noutras instalacións do centro. As condutas serán rexistradas polo mestre encargado da atención dos alumnos.

2. **Parte de incidencias:** No parte de incidencias anotarase as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, así como unha reiteración de condutas contrarias ás normas de convivencia que aparezan no rexistro de condutas. O parte de incidencias cubrirá o mestre e levará a sinatura do alumno, quedando constancia da conduta e da súa aceptación por parte do alumno.

Este parte será custodiado polos titores/as e entregarse na Xefatura de Estudos.

8. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN

Resulta imprescindible difundir os propósitos do plan e despertar sensibilidade acerca da importancia da mellora da convivencia no conxunto da comunidade educativa, para que poidamos lograr que esta se sume participativa e corresponsable ao deseño ou revisión e desenvolvemento do Plan. Por iso, procuraremos poñer en marcha aqueles procedementos que faciliten e impulsen a participación na mellora da convivencia no centro, ao igual que

tamén desenvolveremos os cauces de información para dar a coñecer o Documento do Plan de Convivencia.

Posibles canles de difusión do Plan:

- Consello escolar.
- Reunións informativas específicas co claustro.
- Reunións coa ANPA.
- Tutoría: reunións e entrevistas cos pais/nais.
- Proxecto Educativo.
- Internet: web do centro.
- Dípticos.
- Facilitación de documentos ás familias.

9. MECANISMOS PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

As actuacións previstas no presente Plan de Convivencia escolar comezarán a desenvolverse no curso 2016/2017 formando parte da Programación Xeral Anual.

A Comisión de Convivencia dará conta ao Consello Escolar das actuacións realizadas e dos resultados obtidos tanto da aplicación das normas de convivencias como da marcha do Plan de Convivencia.

Do mesmo xeito, antes de finalizar cada curso prepararase pola comisión de Convivencia a información necesaria destinada á elaboración da memoria Anual de Convivencia por parte do Consello Escolar. Este informe que servirá de base para a programación de actividades do curso seguinte e toma de decisións, para difundir o plan de convivencia, nas reunións con pais incluírase un punto para dar información dos aspectos máis relevantes do Plan.

Ademais o profesorado elaborará documentos adaptados ás distintas idades dos alumnos que faciliten a información sobre os aspectos máis básicos do Plan.

Aos alumnos facilitaráselles información, adaptada á súa idade, por medio dos seus titores/as dos contidos que lles afecten máis directamente.

Unha copia do Plan estará o a Secretaría do centro a disposición de calquera membro da comunidade escolar que o solicite para a súa consulta.

10. LEXISLACIÓN

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade do ensino (LOMCE),
- Lei 4/ 2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve Lei 4/ 2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

11. RECURSOS NA REDE

www.edu.xunta.gal

www.educarex.es/acosoescolar/dinamicas.html: Mostranse 10 dinámicas de grupo para traballar no aula co obxectivo de previr condutas e actitudes violentas no grupo de alumnos/as.

www.cnice.mec.es/recursos2/orientacion/03accion/op03-c1.htm: Dinámica de grupos na aula para tratar a resolución de conflitos.

www.auladecine.com/recursos.html:

Diversas películas para proxectar aos rapaces/ase analizar o seu significado.

Iniciación á lectura:

- La Princesa Prometida
- Matilda.

-Cuenta conmigo.

Fomentar a convivencia e a tolerancia:

-Eduardo Manostijeras.

-ANTZ (Hormigaz)

-Kiriku y la bruja

Respecto ao medio ambiente:

-Bichos. (www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/unidadinfantil1.htm)

12. ANEXOS

PROCEDIMIENTO ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA PREVENIR CASOS DE ACOSO E INTIMIDACIÓN ENTRE ALUMNOS/AS

CONCEPTO DE ACOSO ESCOLAR

Existe acoso escolar cando un alumno/a se ve exposto de forma repetitiva e deliberada a malos tratos verbais, físicos e/ou psicolóxicos (incluído o illamento ou baleiro social) por parte dun compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as co obxecto de sometelo, asustalo e/ou ameazalo, atentando contra a súa dignidade e integridade física ou moral. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan relación co ámbito escolar.

O acoso escolar pódese levar a cabo de diferentes xeitos, entre eles/as:

- a) Comportamento de desprezo, difamación e ridiculización.
- b) Coaccións.
- c) Agresións físicas ou verbais .
- d) Comportamentos de intimidación e ameaza.
- e) Comportamentos de exclusión e marxinação.
- f) Subtraccións, extorsións, chantaxes e deterioración de pertenzas.
- g) Utilización de internet, mensaxería de móbiles coa intención de facer dano.

Será necesario distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas u outras manifestacións violentas entre alumnos/as que non gardan continuidade no tempo, nin supoñen inferioridade de un dos participantes do suceso.

Entenderase que existe unha situación de acoso entre escolares si se dan ao mesmo tempo as tres circunstancias seguintes:

1. Intención de facer dano.
2. Reiteración de condutas agresivas.
3. Desequilibrio de forzas entre acosador/a ou acosadores e vítima.

COMUNICACIÓN DE SITUACIONES DE ACOSO

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento dunha situación de acoso entre alumnos ou considere a existencia de indicios razoables, ten a obriga de poñela en coñecemento do equipo directivo do centro.

As situacións de acoso que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores.

PROCEDIMENTO DE INTERVENCIÓN ANTE SUPOSTAS SITUACIONES DE ACOSO ENTRE ESCOLARES

Para valorar a situación denunciada, o/a Xefe/a de Estudos, seguindo as indicacións do/a Director/a, solicitará ao titor/a do alumno/a afectado que recolla información relacionada con esta situación. Par iso poderá utilizar, entre outros e con carácter orientativo os indicadores que se recollen no Plan de Convivencia do Centro no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.es/convivencia/plan.html>

O resultado de esta actuación comunicarse ao Director/a. En función da información aportada polo titor/a, o director/a poderá establecer medidas preventivas de protección como é o incremento da vixilancia en aquelas zonas e durante os momentos nos que se denunciara que se producía o acoso e/o cambio de grupo.

Si da intervención do titor/a se confirmara a existencia de indicios de acoso, para verificar a situación, o Director/a instará ao titor/a para que continúe o procedemento coas seguintes entrevistas:

a) **Co alumno presuntamente acosado.**

Ao iniciar a entrevista asegurarse ao alumno/a a confidencialidade das súas informacións. Ao longo da entrevista darase prioridade á información que permita identificar:

- Alumnos/as agresores/as.
- Observadores non participantes.
- Alumnos/as que en ocasións, protexeron e axudaron a vítima.
- Localización de lugares e tempos cando se adoita producir a agresión.
- Consecuencias da intimidación para a vítima (absentismo escolar, diminución do rendemento académico, repercusións emocionais e físicas).

b) Con observadores non participantes.

Trátase de recoller información de aqueles compañeiros/as que coñecen os feitos pero que nunca se involucraron neles. Especialmente interesa coñecer:

- Frecuencia coa que se produce o acoso.
- Tipo de acoso.
- Lugar onde se produce.
- Sentimento de seguridade que teñen os alumnos/as na escola.

Ao realizar estas entrevistas sinalarase o carácter confidencial das mesmas e ,en todo caso, garantirase o anonimato do alumno/a en relación ás informacións que achegue.

c) Cos pais da presunta vítima.

Nesta entrevista informarase sobre os feitos que se investigan, sobre as medidas preventivas adoptadas, sobre o proceso disciplinario que se iniciaría si se confirmase a existencia dunha situación de acoso e en caso necesario, das medidas paliativas que se adoptarían. Cando se planifique as entrevistas evitarse que coincidan os pais dos alumnos/as implicados co suposto acosado/a e agresor/a ou agresores/as.

d) Cos pais do alumno ou alumnos presuntos agresores.

Nesta entrevista informarase sobre a acusación que se realizou, sobre as evidencias que existen relacionadas con esa acusación e que, si se confirma, iniciárase o procedemento disciplinario legalmente establecido. En calquera caso manifestárase aos pais a preocupación e o interese do profesorado por axudar aos alumnos a que se establezan unhas relacións sociais adecuadas.

e) Co presunto agresor ou agresores.

No posible a primeira entrevista realizárase inmediatamente logo de concluír a reunión cos seus pais. Pedirase ao alumno/a que informe sobre os feitos que están sucedendo ao alumno/a presuntamente acosado/a e contrastárase a súa versión cos datos coñecidos.

Unha vez concluídas as entrevistas, o titor/a ou persoa encargada de realizar o proceso, fará un breve informe sobre os datos máis relevantes da situación e o trasladará ao Director/a. Este, en función da información achegada, decidirá si procede a apertura dun expediente disciplinario ao alumno/a ou alumnos agresores/as.

Neste caso o instructor/a, antes de finalizar o expediente, poderá pedir ao alumno/a acosador/a que propoña e adopte compromisos co o fin de que cese a situación de acoso, repare moralmente ao acosado/a e colabore co profesorado na erradicación deste tipo de comportamentos. A actitude e compromiso dos alumnos/as ante estas propostas poderase ter en conta á hora de determinar a medida correctiva que corresponde.

O Director/a, unha vez decidida a incoación de expediente disciplinario, informará por escrito dos feitos á Fiscalía de Menores e a Consellería de Educación e á de Asuntos Sociais.

ACTUACIONES POSTERIORES COS IMPLICADOS/AS NAS SITUACIONES DE ACOSO ESCOLAR

Estas actuacións levaranse a cabo con todos os implicados nos feitos:

1. Actuacións coa vítima:

O titor/a en colaboración co orientador/a, asesorará ao alumno/a para que adopte condutas de afrontamento adecuadas ante aquelas situacións conflitivas que, con anterioridade concluíran nesta situación de acosos. Na instauración destas pautas contará coa colaboración dos pais.

No caso que se observe que o alumno/a está especialmente afectado desde o punto de vista psicolóxico, o orientador/a do centro recomendará á familia que sexa atendido polos servizos externos pertinentes.

2. Actuacións co agresor/agresores.

Como complemento ás accións correctoras asignadas, o titor/a adoptará as medidas necesarias para favorecer a integración do agresor/es no grupo, respectando os intereses e dereitos dos demais. No caso necesario o orientador/a poderá recomendar á familia que o alumno/a sexa atendido por servizos externos (especialistas sanitarios, Servizos Sociais etc).

3. Actuacións cos observadores:

O titor/a realizará actividades coa clase para que os alumnos/as coñezan como actuar ante situacións de acoso. Especialmente se incidirá sobre:

- Modo de reprobar as condutas de acoso.
- Modo de mostrar apoio a vítima.
- Procedemento para illar ao agresor cando se comporta de xeito inadecuado.
- Procedemento para denunciar as agresións.

ACTUACIONES DE SEGUIMIENTO E AVALIACION

O/A director/a manterá informado ao Consello Escolar das situacións detectadas e das actuacións adoptadas .

A Comisión de Convivencia realizará o seguimento de compromisos e pautas de actuación adoptados con alumnos/as e pais.

O Consello Escolar avaliará a eficacia das medidas correctivas e orientadoras adoptadas.

13. CERTIFICADO DE APROBACIÓN

Dona Beatriz Romero Gómez, xefa de estudos e secretaria en funcións do CEIP Labarta Pose de Baio-Zas.

CERTIFICA:

Que o presente Plan de Convivencia foi aprobado en sesión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 24 de xaneiro de 2017.

Baio, 24 de xaneiro de 2017

Vº e Prace
A Directora

A Secretaria en funcións

Asdo.: M^a Jesús López Añón

Asdo.: Beatriz Romero Gómez